4 DE ABRI.	GEMMA	MARCOS	MÓNICA NURIA LUIS	SARA V	LAURA
11 DE ABRI.	ISA	NELSON	M ^a JOSÉ MICHELLE ELENA	NEREA	XOSÉ LOIS
25 DE ABRI.	SUSANA	PILAR	EDU FINA CHECHÉ	MARÍA P	ÁNGELES

GARDAS ROTACIÓN DO VENRES MAIO					
	ZONA A	ZONA B	ZONA C	ZONA D	ZONA E
2 DE MAIO	NURIA	LUIS	SARA M ERROZ MÓNICA	GEMMA	AROA
9 DE MAIO	LAURA	MICHELLE	M ^a JOSÉ MARCOS SARA V	ELENA	ISA
16 DE MAIO	EDU	FINA	NELSON NEREA XOSÉ LOIS	MARÍA P	ÁNGELES
23 DE MAIO	SARA M	ERROZ	CHECHÉ SUSANA PILAR	MÓNICA	NURIA
30 DE MAIO	LUIS	MARCOS	GEMMA AROA M ^a JOSÉ	SARA V	LAURA

GARDAS ROTACIÓN DO VENRES XUÑO					
	ZONA A	ZONA B	ZONA C	ZONA D	ZONA E
6 DE XUÑO	NELSON	NEREA	MICHELLE ELENA ISA	XOSÉ LOIS	SARA M

6.7 Quendas do profesorado encargado da recepción do alumnado transportado

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
ENTRADA	INÉS	TANIA	ÁNGELES	NEREA	BEA
PORTA TRANSPORTE	ÓSCAR M* SARA T*	LAURA	ÓSCAR M * SARA T*	MARCOS	CHECHÉ
PORCHE PRINCIPAL	EDU	ERROZ	FINA	NURIA	MICHELLE
PORCHE POSTERIOR	LUIS	CRISELDA XOSÉ LOIS	NELSON MÓNICA	ALBA ELENA	SARA V
PASARELA	SUSANA	GEMMA	ISA	AROA	PILI

*M—turno de mañá

*T—turno de tarde

6.8 Horario de atención a comunidade educativa para actividades administrativas

- Equipo directivo

Horas		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
SETEMBRO XUÑO	OUTUBRO A MAIO					
8:55-9:45	10:05-11:00	DIRECTOR	DIRECTOR		DIRECTOR	DIRECTOR
9:45-10:35	11:00-11:55	SECRETARIA	DIRECTOR	DIRECTOR SECRETARIA		DIRECTOR
10:35-11:25	12:20-13:10		XEFA DE ESTUDOS	SECRETARIA	XEFA DE ESTUDOS	SECRETARIA
11:45-12:30	13:10-14:00		XEFA DE ESTUDOS	XEFA DE ESTUDOS DIRECTOR	SECRETARIA	XEFA DE ESTUDOS
12:30-13:15	15:00-16:05	SECRETARIA DIRECTOR			XEFA DE ESTUDOS	

Departamento Orientación

HORAS		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
SETEMBRO XUÑO	OUTUBRO A MAIO					
8:55-9:45	10:05-11:00	Orientación	Orientación		Orientación	
9:45-10:35	11:00-11:55	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
10:35-11:25	12:20-13:10	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
11:45-12:30	13:10-14:00	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
12:30-13:15	15:00-16:05	Orientación	Orientación			

7. INCORPORACIÓN GRADUAL DE EDUCACIÓN INFANTIL

Tendo en conta a lexislación vixente o centro establece un plan de incorporación gradual ao centro, no que se tivo en conta a escolarización previa do alumnado a existencia de irmáns

matriculados no centro, así como as necesidades familiares, dando resposta a atención a tempo completo a aquelas familias que o precisen.

O plan que se presenta ás familias abrangue dende o día 11 de setembro ata o 17 establecido do seguinte xeito:

MÉRCORES 11	XOVES 12	VENRES 13	LUNS 16	MARTES 17
Grupo A 09:30-10:30	Grupo A y B 09:30-10:30	Grupo A y C 09:30-10:30	Todos 11:00-13:00	Todos en horario completo.
Grupo B 10:45-11:45	Grupo C 11:00-12:00	Grupo B 11:00-12:00		
Grupo C 12:00-13:00				

En canto as actividades, estarán encamiñadas a coñecer o colexio, os mestres, aseos, o patio de xogo, os materiais de traballo da aula, os xoguetes, as normas da aula e do colexio, as rutinas diarias, etc

Finalidades do plan:

- . Adaptarse ás rutinas e os horarios da aula.
- . Recoñecer a pertenza a un grupo-clase.
- . Coñecer e aceptar as normas básicas de convivencia na aula.
- . Coñecer os membros da clase.
- . Recoñecerse parte integrante dun grupo.
- . Recoñecer onde está a propia aula no centro escolar.
- . Identificar os espazos que hai na aula.
- . Identificar a linguaxe oral como medio de expresión e comunicación.
- . Expresar verbalmente sentimentos, necesidades e ideas.

8. CONCRECIÓN ANUAL DOS PLANS DO CENTRO

O centro actualmente non dispón de moitos dos plans marcados pola Consellería de Educación, como quedou reflexado anteriormente un dos obxectivos do equipo directivo e a elaboración e actualización dos diferentes plans. En consecuencia desta circunstancia nalgúns apartados aparecerá reflectido que se atopan en elaboración, aínda que para o bo funcionamento do centro se especificarán onde sexa preciso unhas liñas de actuación ata a súa elaboración e incorporación posterior a PXA.

8.1 Concreción anual do plan xeral de atención á diversidade

Ver apartado 4.1

8.2 Concreción anual do plan de Biblioteca.

Non se conta con plan de biblioteca como tal, e atópase en proceso de elaboración, a documentación que se atopa en relación a biblioteca inciden nas liñas prioritarias do PLAMBE, e polo tanto se especificarán unhas pautas de actuación, e a maiores o apartado 8.3 fai tamén referencia a moitos aspectos da biblioteca.

A coordinadora da biblioteca é Tania Pérez Jácome, e o plan e a súa concreción anual elaboraos o equipo de biblioteca coas directrices da Comisión de coordinación pedagóxica.

O equipo conta cun total de seis horas de asignación directa para atención á Biblioteca, tal e como se indica na táboa. Ao non poder ter horas todos os membros da biblioteca por necesidades do centro e, evidentemente, non ser suficientes as asignadas, os membros do equipo poderán empregar as súas horas de garda, sempre e cando non lle sexa asignada unha substitución, para servizo na Biblioteca.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º Hora					
2º Hora					
Recreo					
3º Hora	Sara Tania Inés				Óscar
4º Hora	Sara	Sara Inés			Tania
Comedor					
5º Hora	Tania				

● EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

Para configurar a biblioteca como “laboratorio de aprendizaxes”, no caso específico da nosa biblioteca escolar o prioritario, un ano máis, é continuar coa centralización da xestión dos recursos (para que resulten accesibles, onde queira que estean depositados no centro), coa resinaturización de documentos e coa reubicación dos fondos existentes; e tamén axilizar o rexistro/catalogación das novas adquisicións, para ter actualizado o servizo de préstamo.

Hai que iniciar a catalogación dos fondos no KOHA tanto os que están depositados na biblioteca como os que están noutros lugares do centro ou as novas adquisicións.

No referente á provisión de recursos, en principio, tan só contamos co 10% do orzamento de gastos de funcionamento do centro e coa dotación que se nos asigne por estar no PLAMBE para poder dotar á Biblioteca dos recursos que precise para un bo funcionamento da mesma.

Ao longo deste curso 2024 - 2025 a Biblioteca do noso centro estará aberta todos os días de 12:20 a 12:45 (períodos de lecer) e tamén haberá asignada unha hora para cada curso en período lectivo. Ademais, a Biblioteca estará a disposición de todo o profesorado para que sexa empregada para as actividades que consideren nas horas restantes.

Atención da Biblioteca nos tempos de lecer:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Inés	Tania	Tania	Bea	Bea

Horario asignado a cada grupo do centro:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º Hora			5º EI		
2º Hora			6º EI		
Recreo					
3º Hora		4º EI			5ºB
4º Hora			1ºA	1ºB	6ºA/6º B
5º Hora	3º EP7/2ºA	5º A	2ºB	4º A	4º B

Deste xeito, preténdese que a Biblioteca ademais de facer o servizo de préstamo sexa tamén un espazo de referencia para todo o alumnado onde ademais de poder acceder a diferentes lecturas poidan tamén asistir a outro tipo de actividades como contacontos, visionado de películas, encontros con escritoras e escritores, lugar de xogos didácticos, etc.

- **EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE DO ALUMNADO**

Utilizarase a cortiza que ocupa a parte exterior da nosa biblioteca, para facer exposicións dos traballos de aula propostos desde a biblioteca, e a sección específica da páxina web do centro para difundir actividades e novas adquisicións. Tamén se vai solicitar a creación dun Club de lectura e do Club de Ciencia e, continuarase coa elaboración dos trípticos trimestrais. O equipo de biblioteca informará con regularidade ao Claustro e ao Consello Escolar das actividades e recollerá as súas suxestións. Continuarase facendo exposicións e actividades lúdicas diversas na biblioteca, nas zonas próximas á mesma e nos lugares de lecer, aproveitando así para visibilizar este espazo de referencia no centro. Dentro

destas actividades, destacar a dinamización de actividades de dramatización e teatro e a actividade do “Dígocho eu”.

Este curso imos poñer de novo en funcionamento as Mochilas Viaxeiras.

No que se refire á integración no tratamento do currículo, a contribución á alfabetización múltiple e o desenvolvemento das competencias básicas do alumnado este curso está previsto participar en dous Proxectas publicados pola Consellería de Educación:

- Nós tamén creamos!
- Cóntame un conto.

- **EN RELACIÓN COA FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL**

O obxectivo é manter a biblioteca actualizada con fontes informativas diversificadas e asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura e formación de usuarias e usuarios. Tamén se van actualizar, renovar e ampliar os fondos existentes, especialmente no referente a documentos para a atención á diversidade e aumentar materiais informativos que se relacionen coas distintas materias do currículo tendo en conta os distintos niveis lectores por cursos. Seguirán primando os criterios de calidade e de diversidade documental nas adquisicións, aínda que se terán en conta as recomendacións do Claustro e dos usuarios da Biblioteca Escolar. Para tal fin, habilitarase unha caixa do correo onde os usuarios poidan introducir as súas recomendacións. Procurarase solicitar a subscrición a algunha publicación periódica tal como “O Papagaio” e mercarase materiais nas distintas linguas con presenza no centro. Realizaranse actividades puntuais para favorecer a autonomía das usuarias e usuarios. De forma prioritaria, formarase ao alumnado de 1º de Educación Primaria como usuarios autónomos da Biblioteca. Tamén para incidir na educación documental dos usuarios, e contribuír á alfabetización múltiple e, en colaboración coas titoras e titores e o equipo de orientación, estimularase ao alumnado para que utilice a biblioteca como un recurso de acceso á información fundamental: como centro de búsqueda de distintos soportes e formatos, de recollida e de elaboración de información dos datos obtidos. Promoverase o uso de distintos recursos dixitais, xogos, vídeos... con actividades que

permitan afondar no coñecemento da información, á vez que traballamos a competencia dixital (produción propia de recursos dixitais como audios e vídeos)

- **EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA E CO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO**

Atenderanse as propostas dos membros do Claustro e da comunidade educativa para manter actualizado o Proxecto Lector e para fomentar o seu desenvolvemento. Preténdese fomentar a lectura en todos os ámbitos, como mecanismo de aprendizaxe, como forma de acceso ao coñecemento e, por suposto, como forma de lecer. Propóranse actividades de escritura variadas ao longo do curso vencelladas ás conmemoracións celebradas. Ademais, a biblioteca promoverá actividades culturais para toda a comunidade escolar (exposicións monográficas, recitais, obradoiros lúdicos, xogos, etc.). Para isto aproveitarase o Club de Lectura e o Club de Ciencia que actuarán como elementos dinamizadores fundamentais no centro, xunto co EDL. As actividades ás que se lles dará continuidade o próximo curso serán a Hora de ler, as Bibliotecas de aula e a Bibliopatio. Outra das accións propostas para fomentar a lectura, como xa se mencionou, é pór en funcionamento de novo as Mochilas Viaxeiras.

- **EN RELACIÓN COS AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA**

A biblioteca debe ser accesible a toda a comunidade educativa. A maiores do referente á ampliación dos fondos que abordan a diversidade en todos os ámbitos e a adquisición de materiais concretos para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e necesidades educativas especiais promoveranse actividades de dinamización nas que elas e eles participen de xeito activo, así como tamén continuaremos coa actividade “Contadas” en coordinación e colaboración co CEE Infanta Elena. Ademais, iniciarase a sinalización da biblioteca con pictogramas, para favorecer a comprensión dos distintos espazos e tipoloxía de libros.

- **EN RELACIÓN A OUTRAS ACTUACIÓNS RELACIONADAS CON PROXECTOS E PROGRAMAS NOS QUE ESTÁ INMERSO O CENTRO**

Manterase unha estreita colaboración desde a Biblioteca co resto de equipos do centro: EDL, actividades extraescolares, TIC, Proxecta e Voz natura.

Así mesmo, este curso desde a Biblioteca propónse como PDI “A Gándara en clave musical”.

8.3 Concreción anual do plan de Lectura.

A coordinadora da biblioteca é Tania Pérez Jácome, e o plan e a súa concreción anual elaborao o equipo de biblioteca coas directrices da CCP

Este Plan Anual de Lectura elabórase como concreción do Plan de Lectura (que se atopa en elaboración por non existir) do noso centro para dar a coñecer as actuacións que o equipo de Biblioteca coa implicación das titoras e titores pretendemos desenvolver ao longo do presente curso académico para conseguir os obxectivos propostos.

A finalidade do noso Plan Anual de Lectura ten como obxectivo xeral lograr que o alumnado desenvolva e/ou mellore a súa competencia lingüística e logre acadar os obxectivos do seu curso e nivel.

Ademais preténdese:

- Desenvolver a habilidade para comprender, reflexionar e interactuar cos diferentes textos co fin de producir, elaborar ou xestionar respostas.
- Desenvolver a creatividade, imaxinación e capacidade de lectura autónoma.
- Desenvolver unha linguaxe rica e precisa e que aprendan a utilizala en diferentes contextos.
- Compensar as posibles desigualdades que existan no noso alumnado paliando as posibles dificultades no proceso de comprensión lectora.
- Proporcionar apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Motivar ao alumnado cara á lectura polo mero pracer ou porque a recoñezan como un medio primordial de aprendizaxe.
- Integrar na práctica docente o uso da biblioteca escolar.
- Recoñecer e rexistrar as posibles dificultades que xurdan no eido da lectura.

Na actualidade no noso centro contamos con varios espazos adicados á lectura:

- A propia Biblioteca.

- As bibliotecas de aula.
- A Bibliopatio.

No que respecta a tempos de lectura estamos a espera de solicitar e que nos sexa concedido a creación dun Club de Lectura, poñeremos en funcionamento as Mochilas Viaxeiras e continuaremos coa Hora de Ler. A Hora de Ler está establecida para todo o alumnado na quinta sesión da xornada lectiva.

De maneira xeral, a nivel de centro incluírse en todas as materias a lectura de textos en distintos soportes, potenciando o uso dos dicionarios e a realización de esquemas e resumos. Así mesmo, practícarase no traballo diario das aulas distintos tipos de lectura (voz alta, voz baixa, global....) en cada unha das materias.

Tamén se adicará un tempo de lectura diario en todas as materias por medio da “Hora de Ler” que terá lugar de luns a venres na quinta sesión da xornada lectiva.

O equipo de Biblioteca deseñará outras actividades ao longo de todo o curso e será precisa a implicación da comunidade educativa para poder ser desenvoltas. No seguinte cadro detállanse as máis destacadas pero é unha programación flexible e poderá sufrir as variacións que se consideren oportunas en función das necesidades que vaian xurdindo.

Temporalización	Conmemoracións	Outras actividades
Setembro		Presentación da mascota ao alumnado de 3 anos. Entrega da guía de usuarios ao profesorado de nova incorporación. Elaboración do plan anual de lectura e do plan de biblioteca Revisión do Protocolo de emprego da biblioteca escolar
Outubro	Semana das bibliotecas escolares	Exposición de novidades adquiridas na biblioteca. Selección de fondos para as “Mochilas viaxeiras”. Conmemoración do día das Bibliotecas Escolares:

		<ul style="list-style-type: none"> ● Formación de usuarios. ● Xogos de animación e uso da biblioteca escolar e de introdución ao PDI “A Gándara en clave musical” ● Lecturas internivelares ao aire libre.
Novembro	<p>Samalá</p> <p>Mes da ciencia en galego</p>	<p>Recomendacións de libros de medo.</p> <p>Recomendacións e exposicións de libros científicos.</p> <p>Celebración do mes da ciencia en galego.</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Realización e exposición de experimentos científicos. ● Proxecto de investigación relacionado coa Ciencia e co PDI.
Decembro	Nadal	<p>Obradoiro de postais de Nadal.</p> <p>Recomendacións lectoras.</p> <p>Poemas de Nadal.</p>
Xaneiro	Día da Paz	<p>Exposición de libros cargados de “valores para e por a paz”.</p> <p>Comezar a sinalización con pictogramas.</p>
Febreiro	Día de Rosalía	<p>Lectura de poemas de Rosalía de Castro.</p> <p>Tendal de poemas da autora.</p> <p>Poemas musicados de Rosalía.</p> <p>Chapas de Rosalía.</p>
Marzo	<p>Entroido</p> <p>Semana da prensa</p>	<p>Elaboración dun xornal con noticias relacionadas co Entroido no noso colexio.</p> <p>Actividades para as aulas, por concretar, xa que nesta semana temos exemplares da Voz de Galicia.</p> <p>De ser posible por estar xa subscritos,</p>

		exposición dos exemplares de “O Papagaio” que haxa na Biblioteca.
Abril	Semana do Libro	Exposición de novas adquisicións. Lecturas compartidas. Bibliopatio. Visita dalgunha autora ou autor, a poder ser, dalgún dos libros que se van ler nas aulas ao longo do curso pero que aínda está por concretar. Exposición de portadas de libros recomendados elaboradas polo alumnado.
Maio	Semana das Letras Galegas	Exposición temática. Contacontos en galego. Actividades de colaboración co EDLG.
Xuño	Fin de curso	Elaboración de recomendacións lectoras e de xogos de mesa para o verán.

Este curso solicitáronse dous plans Proxecta que están relacionados directamente coa Biblioteca, tal e como na concreción anual do Plan de Biblioteca. Continuarase coa actividade “Contadas” en colaboración co CEE Infanta Elena e comezarse a poñer en funcionamento as Mochilas Viaxeiras. Ademais, de sernos concedida a creación do Club de Lectura, haberá actividades tales como: xuntanzas para comentar os libros elixidos, xogos relacionados cos libros, saídas e, de ser posible, visita das autoras ou autores dos libros lidos.

Así mesmo, continuaremos as nosas colaboracións co colectivo de “Lemos Le” en todas aquelas actividades que nos propoñan. E recuperaremos o traballo a través de itinerarios lectores, propondo libros adaptados as diferentes idades do alumnado.

8.4 Concreción anual do plan dixital.

A coordinadora do plan dixital é Erroz Urribari Landa, e o plan e a súa concreción anual elaborao o equipo de biblioteca coas directrices da CCP

Nos últimos anos, estase producindo una revolución dixital en todos os ámbitos da sociedade, con desafíos e oportunidades.

Esta revolución esixe de cambios e adaptacións ao mundo educativo. A educación debe dar resposta ás demandas dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado e por iso, é necesario poñer o foco no desenvolvemento das competencias dixitais do profesorado e do alumnado (e do propio centro educativo) para poder participar dunha maneira satisfactoria nestes contextos dixitalizados.

O Plan Dixital de Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo que vén recollido noutros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro e ambos os dous documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios. A contribución do Plan Dixital ao PE e á PXA debemos velo desde a perspectiva de como pode reforzar este plan o emprego axeitado das novas tecnoloxías en toda a comunidade educativa.

A finalidade última deste centro é facilitar o desenvolvemento da autonomía persoal e a integración social do alumnado. Os obxectivos son os que seguen a continuación:

1. Afianzar e desenvolver as capacidades do alumnado, nos seus aspectos físicos, afectivos, cognitivos, comunicativos, morais, cívicos e de inserción social, promovendo o maior grao posible de autonomía persoal e de integración social.
2. Preparar a tódolos alumnos de xeito que, dentro das súas capacidades, poidan acadar o máximo grao de autonomía e desenvolvemento persoal.
3. Experimentar, como vehículo de desenvolvemento e superación persoal. Así, xunto coas actividades escolares propias da aula, teñen unha grande importancia os obradoiros, pois estimulan a motricidade, creatividade, curiosidade, etc.
4. Potenciar hábitos vinculados coa saúde corporal, a seguridade persoal e o equilibrio afectivo, para desenvolver a súa vida co maior benestar posible.
5. Poñer ao alumnado en contacto co mundo no que se deben integrar, propiciando a súa participación en todo tipo de actividades que nos ofrece a sociedade na que estamos mergullados.

O plan de dixitalización fará seus estes obxectivos, pero concretándoos no mundo virtual, outorgándolle moita importancia ao desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e do profesorado, obxectivo para o que o plan de dixitalización vólvese imprescindible; sobre todo en canto ao profesorado, porque debemos ser nós os modelos que guíen ao alumnado.

As liñas estratéxicas para a configuración do Plan de Acción do CEIP A Gándara (Plan Dixital) están centradas nos seguintes elementos:

- A) Infraestrutura e equipamentos.
- B) Desenvolvemento profesional continuo.
- C) Competencia dixital do alumnado.

A día de hoxe seguen vixentes estas liñas estratéxicas, que serán concretadas nos novos obxectivos do plan dixital deste curso 2024/25, atendendo ás debilidades que se pretenda atender, aos cambios no claustro e ao novo equipamento dixital.

OBXECTIVOS E ACCIÓNS CURSO 24/25

Os obxectivo propostos para este curso, e as accións que se levarán a cabo para acadalos, serán os que seguen:

- 001PD- Promover o uso da PDI entre o profesorado como ferramenta metodolóxica.
 - Acompañar ao profesorado no uso da TD escollida para traballar na aula
- 002PD- Xeneralizar o emprego dos materiais dos Polos Creativos nas actividades de aula.
 - Solicitar a través dun PFPP formación relacionada cos Polos Creativos
 - Difundir información sobre os Polos Creativos e o equipamento recibido ao claustro para que poidan programar o seu posible uso na actividades de aula.
 - Realizar inventario do equipamento de Polos Creativos existente no centro
- 003PD- Crear a nosa propia comunidade educativa dixital con Agueiro.
 - Solicitar a creación dunha comunidade educativa virtual dentro de Agueiro por medio dun correo electrónico dirixido á conta "agueiro@edu.xunta.gal".

- Formación, formal ou informal, sobre as comunidades educativas en Agueiro
- Posta en marcha experimental da Plataforma para o uso dos docentes e familias de 1º de primaria para ampliála en cursos posteriores.
- 004PD- Comunicar e difundir actividades do centro a través da páxina web oficial, bloques e redes sociais.
 - Dar acceso para subir contidos a todo o claustro.
 - Ligar os diferentes blogs á web.
 - Explorar a posibilidade dun cambio de deseño da web.

Con estes obxectivos tocamos a infraestrutura e equipamento de centro, formación docente ademais da competencia dixital docente e do alumnado.

8.5 Concreción anual do plan de actividades físicas e hábitos saudables.

Os obxetivos do plan son:

1.- Aumentar a oferta de actividades cun claro compoñente físico, para os tempos de lecer.

Indicadores:

a) Organizar actividades lúdico-deportivas ás que o alumnado se poida adherir conforme aos seus intereses de cara a lograr uns recreos máis activos.

2.- Mellorar a alimentación do alumnado no ámbito educativo e asesorar ás familias en hábitos de alimentación saudable.

Indicadores:

a) Proporcionar ás familias información sobre alimentación saudable.

b) Fomentar as merendas saudables.

3.- Mellorar a saúde corporal do alumnado a través de hábitos saudables, posturais e de hixiene.

Indicadores:

- a) Incidir nas clases de Psicomotricidade e Educación Física na importancia dunha correcta hixiene postural.
- b) Crear hábitos de quentamento e estiramientos antes e despois do exercicio, respectivamente.
- c) Xerar hábitos de aseo ou ducha (dependendo da idade) ao remate dunha actividade físico-deportiva, que trasladen á súa vida cotiá.
- d) Fomentar hábitos de vida saudable do tipo de: postura correcta sentado/a, horas de uso de videoxogos e/ou televisión, horas diarias de sono, traslados pola vila andando ou en bicicleta...

E tendo en conta estes obxectivos plantéxanse as seguintes actuacións:

- Organizar actividades lúdico-deportivas ás que o alumnado se poida adherir conforme aos seus intereses de cara a lograr uns recreos máis activos, propoñendo actividades mensuais cun compoñente físico-deportivo.
- Planificar actividade de senderismo, actividades deportivas e convivencias fora do recinto escolar,...
- Informar ás familias de alimentos saudables a potenciar e aqueles que se deben restrinxir polo seu carácter nocivo para a saúde.
- Control das merendas de media mañá.
- Realizar obradoiros de Primeiros Auxilios tanto para o profesorado coma para o alumnado.

Estas actividades levaráanse a cabo de todo o curso escolar, todo o profesorado do centro será colaborador, coordinados por Josefina Diéguez Fernández e Susana Gómez Sánchez.

8.6 Concreción anual do plan de traballo da coordinadora de benestar e convivencia.

Actualmente o plan de convivencia atópase en modificación, e tendo en conta a Orde do 23 de agosto de 2023 onde se crea a figura da coordinadora de benestar e convivencia, dinos que dentro do plan de convivencia crearase un plan de traballo de dita persona. Este

plan de traballo unha vez que o plan sexa elaborado será incorporado á PXA. Nuria Batista Limérez é a coordinadora de Benestar e Convivencia, que é incorporada á comisión de convivencia. Dita comisión de convivencia será reestructurada durante os meses de outubro-novembro.

A pesar diso, adiantamos algunhas accións que se levarán a cabo ao longo do curso para dar resposta as necesidades atopadas.

Elaborar o Plan de Traballo da coordinadora de benestar e convivencia.

Dar a coñecer á comunidade educativa a existencia da figura do coordinador de benestar e a súas funcións no centro.

Traballar por unha escola inclusiva e non violenta, que fomente que as relacións entre iguais sexan máis satisfactorias.

Mellorar o clima e a cultura do centro respecto á convivencia e a xestión do conflito.

Potenciar a mediación e a titorización emocional entre iguais e o respecto, a empatía e o compromiso.

Promover a participación das familias na procura dunha boa convivencia.

Colaborar na promoción no centro docente dunha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.

9. PARTICIPACIÓN EN PLANS E PROGRAMAS

Ao longo do curso académico 2024/2025 o noso centro vai solicitar os seguintes plans e programas educativos co fin de favorecer o proceso de ensino e aprendizaxe do noso alumnado:

- Nós tamén creamos = coordinadora María Josefa Fernández Díaz
- Nutriescolas = coordinadora Sara Varela Rodríguez
- Cántame un conto= coordinadora Alba Salvador López

- Club de ciencias = coordinadora Isabel Sabucedo González
 - Club de lectura = coordinadora Nuria Batista Limérez
 - Programa proa + = coordinadora Elena Arias Pérez
 - Voz Natura = Sara Martínez Gallego
 - Liñas do PFPP:
 - Lectoescritura (30 Horas)- coordinadora Nerea Saa Díaz
 - Metodoloxía TEACCH e SAAC (30 HORAS)- coordinadora Isabel Sabucedo González
 - Polos creativos (20 HORAS)- coordinadora Erroz Uribarri Landa
 - O teatro como vehículo de expresión (20 Horas) – coordinadora Gemma Piñeiro García
- Serán obxecto de valoración os diferentes plans e programas que se vaian publicando.

10. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Os Obxectivos do equipo de actividades complementarias e extraescolares serán:

Organizar actividades	<p>Reunións cos membros do equipo de Actividades complementarias e extraescolares.</p> <p>Reunións cos coordinadores de equipos e coa xefatura de estudos.</p> <p>Información aos/as titoras</p>
Organizar a decoración do centro	Ter en conta as conmemoracións

As actividades e saídas neste curso poderanse realizar cando o titor/a o considere axeitado

- Sen data programada a profesora de relixión xunto cos e coas compañeiro/as profesores de relixión dos distintos centros tanto públicos como concertados realizarán unha actividade de convivencia.
- Polo arraigo do pobo de Monforte polo San Brais, o día 3 de febreiro o alumnado de 6º de Primaria matriculado en Relixión Católica realizará unha saída pola zona histórica de Monforte onde buscará as respostas a distintas preguntas propostas pola profesora, para elo farán un percorrido por distintas rúas para rematar na Igrexa de San Vicente ou a da Régoa onde asistirán á explicación do festexo desta data en Monforte e onde se procederá á bendición de rosquillas (que o alumnado degustará) e das cintas típicas deste día.
- A esta actividade invitarase ao alumnado de Proxecto Competencial, o cal asistirá sempre e cando traía a debida autorización dos seus proxenitores

ACTIVIDADES E SAÍDAS DE EDUCACIÓN INFANTIL.

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	TEMPORALIZACIÓN POR TRIMESTRES		
		1º TR.	2º TR.	3º TR.
Conmemoracións e festas	Ao longo do curso festexaremos diferentes días: Samaín, Magosto, Paz...	X	X	X
Saídas na contorna	Realizaremos saídas pola contorna para traballar diferentes contidos do noso proxecto.	X	X	X

Contacontos CEE Infanta Elena	O Centro de Educación Especial Infanta Elena realiza sesións de contacontos ás que convida ao alumnado de infantil para asistir como público.	X	X	X
Obradoiros	Ao longo do curso levaremos a cabo diferentes obradoiros. Para algúns dos mesmos contaremos coa participación e implicación das familias, así como de diferentes persoas expertas na materia que desexen acompañarnos.	X	X	X
Proxecto medioambiental	Participaremos no proxecto de Voz Natura en contacto coa natureza.	X	X	X
Obra social Abanca: A fundación	Anotarémonos as actividades ofrecidas por Abanca que consideremos de interese para o noso alumnado (teatro, contacontos....)	X	X	X
En Lemos tamén creamos	Solicitamos a participación no Proxecto NÓS TAMÉN CREAMOS para realizar unha curtametraxe coa técnica Stop Motion.	X	X	X
Vendima na escola	As familias traerán acios de uvas coas que dramatizaremos unha vendima e logo degustaremos o mosto.	X		

Saída ao museo das abellas	Acercarémonos a Tuiriz para realizar esta visita didáctica.	X		
De compras por Monforte	O alumnado de infantil irá a mercar polas rúas peonís de Monforte os productos que indiquen as súas familias na lista da compra por un precio igual ou inferior a 2 euros.		X	
Día dos avós e avoas	Convidaremos ás avoas e avós para que veñan ao noso colexio e nós tamén visitaremos a residencia de anciáns.		X	
Saída deportiva ao Parque de Ribas Altas	Trátase dunha convivencia de todo o ciclo de infantil nun entorno natural e realizando diversas actividades deportivas deseñadas polas mestras de Educación Física			X
Educación Vial	O alumnado terá que renovar o carné de conducir do Colexio. Para iso han de aprender a teoría e logo, practicar sobre triciclos, bicicletas... que traerán dos seus fogares.			X

Carreira Familiar	Convidaremos ás familias do alumnado de infantil o 15 de maio, día da familia, para correr cos seus fillos e fillas nun circuíto dentro das instalacións do centro educativo.			X
Mundo Gándara Visión	En xuño, para finalizar o curso, celebraremos un festival de música e baile internacional.			X
Andaina con todo o colexio	Realizarase un día de convivencia do colexio facendo unha andaina e realizando unha comida campestre nun parque infantil.			X
Saída de despedida de etapa de infantil	O grupo de 6º de infantil realizará unha saída durante toda a xornada escolar a modo de despedida da etapa de infantil.			X

ACTIVIDADES E SAÍDAS DO 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	TEMPORALIZACIÓN POR TRIMESTRES		
		1º TR.	2º TR.	3º TR.

Conmemoracións e festas	Ao longo do curso festexaremos diferentes días: Samaín, Magosto, Paz...	X	X	X
Saídas na contorna	Realizaremos saídas pola contorna para traballar diferentes contidos do noso proxecto.	X	X	X
Andaina	Realizaremos unha ruta do camiño de inverno	X		
Obradoiros	Ao longo do curso levaremos a cabo diferentes obradoiros. Para algúns dos mesmos contaremos coa participación e implicación das familias, así como de diferentes persoas expertas na materia que desexen acompañarnos.	X	X	X
Proxecto medioambiental	Participaremos no proxecto de Voz Natura en contacto coa natureza.	X	X	X
1º A e B . Museo do ferrocarril.	Faremos unha visita ao museo do ferrocarril de Monforte	X		
1º A e B . Visita museo.	Faremos unha vista ao Museo de Arxeriz e devesa de Escairón.		X	
1º A e B . Visita museo.	Faremos unha visita ao museo de Arxeriz e praia da Cova			X
2º A e 2º B visita cultural	Saída ao pazo de Tor e a súa contorna	X		

2º A e 2º B visita	Saída a Ourense, Burgas e tren turístico.		X	
2º A e 2º B	Saída a Lucus Aventur			X

- ACTIVIDADES E SAÍDAS DE 2º CICLO de EDUCACIÓN PRIMARIA

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	TEMPORALIZACIÓN POR TRIMESTRES		
		1º TR.	2º TR.	3º TR.
Conmemoracións e festas	Ao longo do curso festexaremos diferentes días: Samaín, Magosto, Paz...	X	X	X
Saídas na contorna	Realizaremos saídas pola contorna para traballar diferentes contidos do noso proxecto.	X	X	X
Andaina	Realizaremos unha ruta do camiño de inverno	X		
Obradoiros	Ao longo do curso levaremos a cabo diferentes obradoiros. Para algúns dos mesmos contaremos coa participación e implicación das familias, así como de diferentes persoas expertas na materia que desexen acompañarnos.	X	X	X

Proxecto medioambiental	Participaremos no proxecto de Voz Natura en contacto coa natureza.	X	X	X
Museo do ferrocarril	Faremos unha visita ao museo do ferrocarril e unha viaxe en tren	X		
Teatro	Asistiremos a unha representación teatral en Ourense de "A fundación".		X	
Parque	Realizaremos unha saída a un parque multiaventura			X

- ACTIVIDADES E SAÍDAS DE 3º CICLO de EDUCACIÓN PRIMARIA

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	TEMPORALIZACIÓN POR TRIMESTRES		
		1º TR.	2º TR.	3º TR.
Conmemoracións e festas	Ao longo do curso festexaremos diferentes días: Samaín, Magosto, Paz...	X	X	X
Saídas na contorna	Realizaremos saídas pola contorna para traballar diferentes contidos do noso proxecto.	X	X	X
Andaina	Realizaremos unha ruta do camiño de inverno	X		

